

**A ILLA DE AROUSA****A N U N C I O****RELACIÓN DE CONTRIBUENTES QUE SE CITAN PARA SER NOTIFICADOS POR COMPARECENCIA**

De conformidade co disposto no artigo 112 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, segundo a redacción do artigo 28 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, e intentándose a notificación aos interesados sen que fose posible practicala por causas non imputables ao Concello de A Illa de Arousa, comunícaselles a través deste anuncio, que se atopan pendentes de notificar o acto no que os interesados, número expediente e procedemento se relacionan a seguir:

**CONCEPTO: LIQUIDACIÓN IBI**

<i>Nº LIQUID</i>	<i>TITULAR</i>	<i>ENDEREZO</i>	<i>ENDEREZO TRIBUTARIO</i>	<i>IMPORTE €</i>
2010042	32439417X GARRIDO VERDES JESUS M	MOSTEIRO CAAVEIRO, 15-A CORUÑA	M BRADOMIN, 13, -1 15	22,41
2010043	32439417X GARRIDO VERDES JESUS M	MOSTEIRO CAAVEIRO, 15-A CORUÑA	M BRADOMIN, 13, 1º I	169,67
2010112	53161646K PEREZ CUNDIS JOSE	PZ ALCALDE J NAYA, 1-ARTEIXO	CABODEIRO, 27, -1 16	15,06
2010113	53161646K PEREZ CUNDIS JOSE	PZ ALCALDE J NAYA, 1-ARTEIXO	CABODEIRO, 27, +1 F	113,60

En virtude do anterior, dispoño que o suxeito pasivo, obrigado tributario indicado con anterioridade ou o seus representantes debidamente acreditados, deberá comparecer no prazo de dez días, contados dende o seguinte á publicación da presente resolución no BOP, de luns a venres, de 9 a 14 horas, nas oficinas do Concello de A Illa de Arousa, sitas na rúa Palmeira nº 25, para os efectos de practicalle a notificación do devandito acto.

Así mesmo, advértiselle ó interesado que non comparezca no prazo citado que a notificación se entenderá practicada para tódolos efectos legais dende o día seguinte ao vencemento do prazo sinalado para comparecer.

A Illa de Arousa, 16 de marzo de 2010.—O Alcalde-Presidente, ilexible.

**2010003473**

\* \* \*

**REDONDELA****NOTIFICACIÓN POR EDICTO**

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, intentouse notificación aos interesados por dúas veces, sen que fose posíbel practicala por causas non imputábeis ao Concello de Redondela, razón pola que se pon de manifesto, mediante o presente edito, que se atopan pendentes de notificar os actos que se relacionan.

En virtude do anterior, os interesados poderán comparecer ante o Departamento de Medio Ambiente do Concello de Redondela no prazo de 10 días, contados desde o seguinte á publicación do presente edito no B.O.P., para o coñecemento íntegro dos mencionados actos e constancia de tal coñecemento, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres, agás festivos na localidade.

Advírtese aos interesados que, de non comparecer no citado prazo, entenderase producida a notificación a todos os efectos legais dende o día seguinte ao vencemento do prazo sinalado.

**RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE**

Recibiuse informe dos servizos de inspección municipais no que se fai constar a situación de risco para a vía pública e propiedades colindantes que ocasionan as árbores dunha finca situada fronte ao nº 7 de Canabal, Cidadelle, Chapela (consta reportaxe fotográfica)

Esta situación supón un incumprimento do establecido nos artigos 9 e 199 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural, segundo os que “os propietarios de toda clase de terrenos, urbanizacións de iniciativa particular, edificacións e carteis deberán mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino e con arreglo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación”, e,

ademais, “os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e de ser o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga.”

Realizadas as correspondentes indagacións, non foi posible identificar aos propietarios da finca.

Con base no exposto, e de acordo coa delegación xenérica da Alcaldía de 11 de xullo de 2007 (B.O.P. nº 146, do 30 de xullo), o Concelleiro Delegado de Medio Ambiente

### RESOLVE

**Primeiro.**—Requirir do/s propietarios da finca a reposición das condicións de seguridade e salubridade na finca de referencia mediante a tala das árbores comprendidas nunha franxa de 10 metros contados dende os límites da propiedade.

**Segundo.**—Abrir un trámite de audiencia polo prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao de publicación no Boletín Oficial da Provincia da presente resolución, para que o/a interesado/a poida realizar as alegacións que considere oportunas e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

**Terceiro.**—O/a interesado/a deberá comunicar ao Concello de Redondela a execución dos traballos necesarios para a reposición das condicións de seguridade e salubridade no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao de notificación da presente resolución.

**Cuarto.**—No caso de non atender ao requirido na presente resolución procederase á execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 300,00 a 6.000,00 euros, retirábeis até acadar a execución do ordenado, segundo establece o apartado 4 do artigo 199 da Lei 9/2002.

Redondela, 17 de marzo de 2010.—Concelleiro Delegado de Medio Ambiente (Delegación publicada no B.O.P. nº 146, do 30 de xullo de 2007), Xosé Carlos Pazos Docampo. **2010003475**

Polo Concello Pleno resolveronse as reclamacións presentadas, contra os acordos de aprobación provisional das Ordenanzas fiscais que se indican posteriormente, aprobandoas definitivamente e procedendo á publicación dos acordos definitivos e dos textos das Ordenanzas Fiscais. Ditas ordenanzas fiscais entrarán en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial de Pontevedra.

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 18 de marzo de 2010

### ACORDOU:

**Primeiro:** Examinadas as reclamacións presentadas resolverse desestimadas a vista do informe da intervención municipal 37/2010 de data 11 de marzo de 2010.

**Segundo:** Corrixir o erro relativo a unidade de medida na proposta de modificación das tarifas das ordenanzas recolléndose que se trata de €/m<sup>3</sup>.

**Terceiro:** Resoltas así, as reclamacións presentadas, acordase aprobar definitivamente a ordenanza fiscal reguladora da auga do Concello de Redondela e a ordenanza reguladora do saneamento, nos termos indicados no texto Anexo.

**Cuarto:** O acordo de aprobación definitiva e o texto integro da ordenanza fiscal, deberán publicarse no boletín oficial da provincia sen que entren en vigor ate que se leve a cabo dita publicación.

### A N E X O

#### MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVICIO DE AUGA

##### B) CONSUMOS DE AUGA

###### b. 1.—Uso domestico

a) de 0 a 15 m <sup>3</sup> .....	0.1774 €/M <sup>3</sup>
b) de 16 a 30 m <sup>3</sup> .....	0.2470 €/M <sup>3</sup>
c) de 31 a 45 m <sup>3</sup> .....	0.6713 €/M <sup>3</sup>
d) de 46 a 9999 m <sup>3</sup> .....	0.6904 €/M <sup>3</sup>

###### b.—Uso non domestico

a) de 0 a 15 m <sup>3</sup> .....	0.2667€/M <sup>3</sup>
b) de 16 a 30 m <sup>3</sup> .....	0.3228 €/M <sup>3</sup>
c) de 31 a 45 m <sup>3</sup> .....	0.7645 €/M <sup>3</sup>
d) de 46 a 9999 m <sup>3</sup> .....	1.0017 €/M <sup>3</sup>

c) Estará exento o concello para a totalidade de edificios, vivendas, locais, establecementos e instalacións de propiedade municipal, bocas de rego, fontes e lavadoiros públicos.

d) Levarase a cabo a graduación da taxa en función da capacidade económica do suxeito pasivo segundo o artigo 24.4 do Real decreto 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Os criterios para levala a cabo serán os seguintes:

— Previa solicitude dos interesados, os abonados e abonadas para os que os ingresos da unidade familiar non acaden, en computo anual, o importe do salario mínimo interprofesional, e non sexan propietarios de bens inmobles, agás que se trate da vivenda propia, sempre que o valor catastral da mesma non supere os 80.000 euros, terán dereito a seguinte redución:

M3 CUBICOS CONSUMIDOS	MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	REDUCCIÓN DA TAXA
Ata 15m3 por trimestre	Dos membros	100%
Ata 30 m3 por trimestre	Tres ou mais membros	100%
A partir de 15 m3-30m3 por trimestre	Dous membros	28%
A partir de 30m3-45m3 por trimestre	Tres ou mais membros	73.5%

— Para ser beneficiario da redución será preciso a presentación da seguinte documentación:

- libro de familia
- informe da policía local sobre as persoas que integran a unidade familiar
- certificación do empadramento
- certificación de ingresos do/a solicitante e das persoas que convivan con el/ela
- da empresa
- da oficina de emprego ( pública)
- da entidade pagadora de pensión ou haberes pasivos.
- copia da última declaración do IRPF dos compoñentes da unidade familiar, referida ao exercicio precedente.

No caso de carecer dos ingresos mencionados, deberase aportar certificación negativa dos organismos competentes da Seguridade Social, acreditativa de que as persoas interesadas non figuran incluídas nela, nin como traballadores/as activos, nin como pensionistas ou beneficiarios do seguro de desemprego.

- certificación da Delegación de Facenda referida a tributación polo Imposto de Bens Inmóveis de natureza rústica e urbana así como do Imposto sobre Actividades

Económicas da totalidade dos compoñentes da unidade familiar, con indicación ( no IBI) da clase de finca, e do valor catastral da mesma.

- Titulo de propiedade, contrato de aluguer ou, no seu defecto, recibos do último ano, da vivenda que ocupan.

As solicitudes, acompañadas da totalidade da documentación, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello.

O prazo de presentación de solicitudes será o comprendido entre os días 1 a 30 de decembro.

Para os segundos e sucesivos anos os abonados os que se refire o presente apartado que se lles graduara a taxa no ano anterior presentarán a solicitude dentro do prazo indicado, acompañada dunha declaración xurada referida ao cumprimento integro de tódolos requisitos dos apartados anteriores indicando expresamente na declaración citada que non variou a súa situación persoal, familiar, económica, de bens e renda, sen prexuízo de poder pre-

sentar, se o desexan, a documentación completa indicada.

Os servizos sociais do Concello efectuarán un control, total ou por mostreo, da situación persoal, familiar, económica, bens e renda das persoas que soliciten a redución da taxa para novos exercicios segundo o indicado no parágrafo anterior.

Tódolos expedientes de exención serán tramitados polos Servizos sociais do Concello e resoltos pola Xunta de Goberno.

Redondela, 18 de marzo de 2010.—O Alcalde acctal, Xosé Carlos Pazos Docampo.

Polo Concello Pleno resolveronse as reclamacións presentadas, contra os acordos de aprobación provisional das Ordenanzas fiscais que se indican posteriormente, aprobandoas definitivamente e procedendo á publicación dos acordos definitivos e dos textos das Ordenanzas Fiscais. Ditas ordenanzas fiscais entrarán en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial de Pontevedra.

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 18 de marzo de 2010

#### ACORDOU:

*Primeiro:* Examinadas as reclamacións presentadas resolverse desestimadas a vista do informe da intervención municipal 37/2010 de data 11 de marzo de 2010.

*Segundo:* Corrixir o erro relativo a unidade de medida na proposta de modificación das tarifas das ordenanzas recolléndose que se trata de €/m<sup>3</sup>.

*Terceiro:* Resoltas así, as reclamacións presentadas, acordase aprobar definitivamente a ordenanza fiscal reguladora da auga do Concello de Redondela e a ordenanza reguladora do saneamento, nos termos indicados no texto Anexo.

*Cuarto:* O acordo de aprobación definitiva e o texto integro da ordenanza fiscal, deberán publicarse no boletín oficial da provincia sen que entren en vigor ate que se leve a cabo dita publicación.

#### A N E X O

#### MODIFICACIÓN PROVISIONAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SUMIDOIRO

##### b. 1.—Uso domestico

- |  |                         |
|--|-------------------------|
| a) de 0 a 15 m <sup>3</sup> . . . . .    | 0.0710 €/M <sup>3</sup> |
| b) de 16 a 30 m <sup>3</sup> . . . . .   | 0.0988 €/M <sup>3</sup> |
| c) de 31 a 45 m <sup>3</sup> . . . . .   | 0.2685 €/M <sup>3</sup> |
| d) de 46 a 9999 m <sup>3</sup> . . . . . | 0.2762 €/M <sup>3</sup> |
- Cuota de servizo: 26.36 €/aboado/ trimestre

*b- Uso non domestico*

- a) de 0 a 15 m<sup>3</sup> ..... 0.1067 €/M<sup>3</sup>  
 b) de 16 a 30 m<sup>3</sup> ..... 0.1291 €/M<sup>3</sup>  
 c) de 31 a 45 m<sup>3</sup> ..... 0.3058 €/M<sup>3</sup>  
 d) de 46 a 9999 m<sup>3</sup> ..... 0.4007 €/M<sup>3</sup>

Cuota de servicio:30.03 €/aboado/ trimestre

c) Estará exento o concello para a totalidade de edificios, vivendas, locais, establecementos e instalacións de propiedade municipal, bocas de rego, fontes e lavadoiros públicos.

d) Levarase a cabo a graduación da taxa en función da capacidade económica do suxeito pasivo segundo o artigo 24.4 do Real decreto 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Os criterios para levala a cabo serán os seguintes:

- Previa solicitude dos interesados, os abonados e abonadas para os que os ingresos da unidade familiar non acaden, en computo anual, o importe do salario mínimo interprofesional, e non sexan propietarios de bens inmobles, agás que se trate da vivenda propia, sempre que o valor catastral da mesma non supere os 80.000 euros, terán dereito a seguinte redución:

M <sup>3</sup> CUBICOS CONSUMIDOS	MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	REDUCCIÓN DA TAXA
Ata 15m <sup>3</sup> por trimestre	Dos membros	100%
Ata 30 m <sup>3</sup> por trimestre	Tres ou mais membros	100%
A partir de 15 m <sup>3</sup> -30m <sup>3</sup> por trimestre	Dous membros	28%
A partir de 30m <sup>3</sup> -45m <sup>3</sup> por trimestre	Tres ou mais membros	73.5%

- Para ser beneficiario da redución será preciso a presentación da seguinte documentación:

- a) libro de familia  
 b) informe da policía local sobre as persoas que integran a unidade familiar  
 c) certificación do empadramento  
 d) certificación de ingresos do/a solicitante e das persoas que convivan con el/ela  
 e) da empresa  
 f) da oficina de emprego ( pública)  
 g) da entidade pagadora de pensión ou haberes pasivos.  
 h) copia da ultima declaración do IRPF dos compoñentes da unidade familiar, referida ao exercicio precedente.

No caso de carecer dos ingresos mencionados, deberase aportar certificación negativa dos organismos competentes da Seguridade Social, acreditativa de que as persoas interesadas non figuran incluídas nela, nin como traballadores/as activos, nin como pensionis-

tas ou beneficiarios do seguro de desemprego.

- i) certificación da Delegación de Facenda referida a tributación polo Imposto de Bens Inmobles de natureza rústica e urbana así como do Imposto sobre Actividades

Económicas da totalidade dos compoñentes da unidade familiar, con indicación ( no IBI) da clase de finca, e do valor catastral da mesma.

- J) Titulo de propiedade, contrato de aluguer ou, no seu defecto, recibos do ultimo ano, da vivenda que ocupan.

As solicitudes, acompañadas da totalidade da documentación, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello.

O prazo de presentación de solicitudes será o comprendido entre os días 1 a 30 de decembro.

Para os segundos e sucesivos anos os abonados os que se refire o presente apartado que se lles graduara a taxa no ano anterior presentarán a solicitude dentro do prazo indicado, acompañada dunha declaración xurada referida ao cumprimento integro de tódolos requisitos dos apartados anteriores indicando expresamente na declaración citada que non variou a súa situación persoal, familiar, económica, de bens e renda, sen prexuízo de poder presentar, se o desexan, a documentación completa indicada.Os servicios sociais do Concello efectuarán un control, total ou por mostreo, da situación persoal, familiar, económica, bens e renda das persoas que soliciten a redución da taxa para novos exercicios segundo o indicado no paragrafo anterior.

Tódolos expedientes de exención serán tramitados polos Servicios sociais do Concello e resoltos pola Xunta de Goberno.

Redondela, 18 de marzo de 2010.—O Alcalde acctal, Xosé Carlos Pazos Docampo. **2010003476**

\* \* \*

## VILAGARCÍA DE AROUSA

### A N U N C I O

Por resolución desta Alcaldía, de data 17 de febreiro de 2010, aprobose inicialmente o proxecto de urbanización para a rúa de nova apertura na Avda. das Carolinas, redactado polo arquitecto D. Juan Antonio Villanueva Ruiz e promovido por Piedras y Granitos de Villanueva S.L. e Xesterreo S.L.

De conformidade co establecido no Art. 110.4 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro, dito proxecto estará exposto ao público, nas Oficinas Municipais de Se-